

## CONCEPTO DE DISCRIMINACIÓN POR DISCAPACIDADE A NIVEL INTERNACIONAL E EUROPEO

ELENA CASTRO SURÍS

Doutoranda de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade de Vigo (España)

[ecassur@gmail.com](mailto:ecassur@gmail.com)

### RESUMO

A protección de persoas que contan cunha discapacidade constitúe o reflexo do compromiso cos dereitos humanos a nivel internacional e coa procura dun desenvolvemento económico arraigado no benestar social. Este estudo busca, a partir de fontes xurídicas actualizadas, darlle resposta á delimitación do contido substantivo do concepto de discapacidade, con especial referencia á adaptación, e promover a inclusión e protección efectiva deste colectivo.

**Palabras chave:** Discapacidade; discriminación por discapacidade; modelo social, adaptación; axustes razoables.

### RESUMEN

La protección de personas que cuentan con una discapacidad constituye el reflejo del compromiso con los derechos humanos a nivel internacional y con la búsqueda de un desarrollo económico arraigado en el bienestar social. Este estudio busca, a partir de fuentes jurídicas actualizadas, darle respuesta a la delimitación del contenido sustantivo del concepto de discapacidad, con especial referencia a la adaptación, y promover la inclusión y protección efectiva de este colectivo.

**Palabras clave:** Discapacidad; discriminación por discapacidad; Modelo social; adaptación; ajustes razonables.

**ABSTRACT**

The most vivid proof of the international community's commitment to the advancement of human rights as well as to an economic development deeply rooted in social welfare is, indeed, the birth of Disability Rights Law. The ultimate purpose of this study is to delve deeper into the conceptualization of disability, with a special focus on adaptation, and to promote the inclusion and effective protection of this group.

**Keywords:** Disability; disability discrimination; social model; adaptation; reasonable accommodation.

**SUMARIO**

1. Introducción; 2. Especial referencia á adaptación; 2.1. Undue hardship; 2.2. Promoción pública; 3. Discriminación por asociación; 4. Discriminación múltiple e intersectorial; 5. Acceso a bens e servizos; 6. Conclusións.

**1. INTRODUCCIÓN**

A protección de persoas que contan cunha discapacidade constitúe o reflexo do compromiso cos dereitos humanos a nivel internacional e coa procura dun desenvolvemento económico arraigado no benestar social. Este estudo busca, a partir de fontes xurídicas actualizadas, darlle resposta á delimitación do contido substantivo do concepto de discapacidade, con especial referencia á adaptación, e promover a inclusión e protección efectiva deste colectivo.

Vaise prescindir aquí dunha descrición pormenorizada da evolución, relativamente recente, da normativa internacional, europea e interna sobre a discriminación por discapacidade. Baste dicir que, indubidablemente, a Convención de Nacións Unidas de 2006 constituíu un fito fundamental, a partir do cal se desenvolve unha lexislación multinivel que ten as súas orixes en épocas previas, pero que debe adaptarse a aquela, da cal debe predicarse que, máis aló de ser un mínimo común denominador, supuxo un importante revulsivo en todos o niveles xurídicos. Tanto a Directiva 2000/78/CE, do Consello, do 27 novembro, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, como a lei

española, refundida no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 novembro, recibiron un impulso decisivo a partir da asunción da Convención.

Non por casualidade, a doutrina xudicial do TXUE, do TEDH e, en canto ao ordenamento español, do TC, do TS e dos órganos xudiciais inferiores alcanzou un nivel de desenvolvemento moi significativo nos últimos anos. É máis, é moi perceptible unha evolución da xurisprudencia multinivel, bastante en sintonía cos principios internacionais, que se mostraron particularmente fecundos e, dende logo, aínda susceptibles de novos criterios interpretativos, que deben profundar aínda máis na protección contra a discriminación das persoas con diversidade funcional.

## 2. ESPECIAL REFERENCIA Á ADAPTACIÓN

### 2.1. UNDUE HARDSHIP

Durante a pasada década, co nacemento do modelo social como novo prisma para entender a orixe das diferentes discapacidades, os Estados tiveron máis presente a necesidade de mellora da inserción laboral das persoas que contan con elas<sup>1</sup>. Isto débese a que o paradigma social concibe a discapacidade como *unha situación* na que se haxa o individuo por mor da contorna. Noutras palabras, unha persoa non conta cunha discapacidade en termos absolutos senón relativos. O grao de discapacidade dependerá da maior ou menor *falta de adaptación* do posto de traballo en cuestión.<sup>2</sup>

O equivalente xurídico desta teoría materialízase na obriga recollida na lexislación internacional e nacional de realizar *axustes razoables* no posto de traballo. É dicir, na necesidade de facilitar o acceso ao posto laboral, de levar a cabo modificacións sobre el coa finalidade de que non exista desigualdade entre persoas con ou sen condicións físico-

---

<sup>1</sup> COLOMINAS GUTIÉRREZ D., *La obligación de realizar ajustes razonables en el puesto de trabajo para personas con discapacidad: origen, evolución y configuración actual. Una perspectiva desde el derecho comparado y el derecho español*, 2008, Universidad Autónoma de Barcelona, España, p.19.

<sup>2</sup> SHAKESPEARE, T., 'The Social Model of Disability', *The disability studies reader*, vol.2 (2006), p.215.

psíquicas que poidan derivar nunha discapacidade *de facto*. Os axustes razoables, en suma, preveñen que as persoas afectadas por estas condicións se enfronten a unha *undue hardship* ou dificultade innecesaria ou desproporcionada á hora de acceder ao mercado laboral<sup>3</sup>.

Non obstante, o imperativo legal de realizar axustes razoables non inclúe absolutamente calquera tipo de adaptación. A configuración da obriga supón implicitamente un límite, o de non constituír unha *carga excesiva* para o suxeito ao que se refire a normativa. O límite e, en consecuencia, o contido dos axustes razoables a efectuar, dependerá da contorna cultural e do sistema legal nacional ou -habitualmente- multinivel ante o que se atope a persoa cunha discapacidade<sup>4</sup>.

Primeiro, a nivel internacional, a aprobación da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade [CIDPD] e o seu Protocolo Facultativo en 2006, supuxo un paso significativo cara á efectiva protección das persoas con discapacidade en materia de axustes razoables. O art. 3 CIDPD sinala como principios que inspiran o seu articulado: "a) *O respecto da dignidade inherente, a autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións, e a independencia das persoas; b) A non discriminación; [...]; d) O respecto pola diferenza e a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e a condición humanas; e) A igualdade de oportunidades*". De aquí derívase a aceptación do modelo social e a personalidade dinámica das persoas con discapacidades por parte da comunidade internacional. Isto confírmase, especialmente, tendo en conta o apartado e) do seu preámbulo: "*a discapacidade é un concepto que evoluciona e que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e as barreiras debidas á actitude e á contorna que evitan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais*".

---

<sup>3</sup> COOPER, J.O., 'Overcoming barriers to employment: the meaning of reasonable accommodation and under hardship in the Americans with disabilities Act', *University of Pennsylvania Law Review*, vol.139:1991 (1990). p.1423-1427.

<sup>4</sup> *Supra* 2, p.219.

En base á asunción deste modelo polos Estados membros, o art. 27.i) CIDPD recolle a obriga de realizar axustes razoables para garantir a igualdade de oportunidades do art. 3.e): “*Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a traballar, en igualdade de condicións coas demais; iso inclúe o dereito a ter a oportunidade de gañarse a vida mediante un traballo libremente elixido ou aceptado nun mercado e unha contorna laborais que sexan abertos, inclusivos e accesibles ás persoas con discapacidade [...] adoptando medidas pertinentes, incluída a promulgación de lexislación, entre elas, velar por que se realicen axustes razoables para as persoas con discapacidade no lugar de traballo*”. Un incumprimento dos preceptos supoñería unha conduta discriminatoria, de acordo con o art. 2 CIDPD.

A Convención, con todo, alberga unha serie de carencias á hora de delimitar a extensión da necesidade de realizar axustes razoables<sup>5</sup>. O art. 2 CIDPD define *que se entende por un axuste razoable*: “*entenderanse as modificacións e adaptacións necesarias e adecuadas que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular, para garantir ás persoas con discapacidade o gozo ou exercicio, en igualdade de condicións coas demais, de todos os dereitos humanos -incluído o dereito ao traballo- e liberdades fundamentais*”.

A pesar de que se cristalizou que se entende por «axustes», isto é, modificacións ou adaptacións xa sexa - en sentido estrito- no ámbito do traballo ou -en sentido amplo- no que calquera dereito ou liberdade se vexa comprometido/a, non existe un contido substantivo fixo con respecto a cando o dito axuste é «razoable». A falta de precisión da razoabilidade ou non dun axuste débese a dous motivos. Primeiro, tentar promover unha flexibilidade para o suxeito que debe realizar o axuste e que non supoña unha carga excesiva para el, concepto que tampouco se precisa

---

<sup>5</sup> COLOMINAS GUTIÉRREZ D., *La obligación de realizar ajustes razonables en el puesto de trabajo para personas con discapacidad: origen, evolución y configuración actual. Una perspectiva desde el derecho comparado y el derecho español*, 2008, Universidad Autónoma de Barcelona, España, p.92,93.

con suficiencia. Segundo, evitar unha enumeración exhaustiva de adaptacións ou modificacións que poida chegar a prexudicar a persoas que contan con condicións físico-psíquicas que non se previron á hora de realizar a enumeración dos axustes pertinentes<sup>6</sup>.

Convén pois, facer referencia a sistemas rexionais ou nacionais a teor da remisión indirecta que realiza o CIDPD. As principais diferenzas concernirán á caracterización do imperativo legal de realizar axustes razoables e do concepto de persoa con discapacidade, amplamente influenciada pola tradición cultural e a maior ou menor influencia do modelo social -a pesar da aprobación do CIDPD- no territorio<sup>7</sup>.

A nivel da Unión Europea, o texto legal por excelencia que versa sobre a protección de persoas que contan con discapacidades é a Directiva 2000/78 CE de Igualdade de Trato no Emprego e na Ocupación, previa á CIDPD. Fontes legais europeas orixinarias tales como o *Tratado de Lisboa* e a súa incorporada Carta de Dereitos Fundamentais [CDF] xa incidiran sobre a necesidade de protección deste grupo vulnerable. Con todo, da súa redacción legal non se podían inferir medidas claras para a implementación efectiva do modelo social. A Directiva 2000/78 CE supuxo por aquel entón un fito para a unificación -e para o comezo de homoxeneización- da aplicación práctica do modelo social. En particular, no seu artigo 5 precisa que, para profesar de forma adecuada a teoría social da discapacidade, os axustes razoables son un compoñente crucial a ter en conta.

O precepto expón que: "*a fin de garantir a observancia do principio de igualdade de trato en relación coas persoas con discapacidades, realizaranse axustes razoables*". Matizando, de novo, que é un axuste razoable para a UE, apunta que: "*os empresarios tomarán as medidas adecuadas, en función das necesidades de cada situación concreta, para permitir ás persoas con discapacidades acceder ao emprego, tomar parte nel ou progresar profesionalmente, ou para que se lles*

---

<sup>6</sup> COLOMINAS GUTIÉRREZ D., *La obligación de realizar ajustes razonables en el puesto de trabajo para personas con discapacidad: origen, evolución y configuración actual. Una perspectiva desde el derecho comparado y el derecho español*, 2008, Universidad Autónoma de Barcelona, España, p.92,93.

<sup>7</sup> *Ibid*, p.39.

*ofreza formación, salvo que esas medidas supoñan unha carga excesiva para o empresario. A carga non se considerará excesiva cando sexa paliada en grao suficiente mediante medidas existentes na política do Estado membro sobre discapacidades".* A pesar de que unicamente fai referencia ao sector privado, o seu art. 3 expande a obriga ao sector público.

O avogado xeral do TXUE, como conclusión á cuestión prejudicial *HR rail SA*<sup>8</sup>, elaborou sobre o ámbito de aplicación dos axustes razoables. En particular, o avogado xeral indica que a adaptación non debe ser unicamente realizada para acomodar o «lugar de traballo» *stricto sensu*. Especificamente, as conclusións expresan que *"os axustes razoables poden comprender a recolocación da persoa discapacitada noutro posto de traballo dentro da empresa"* e que cando *"se declara a un traballador -incluído o que desenvolve unha actividade en prácticas no marco da súa contratación- definitivamente non apto para ocupar o posto de traballo ao que foi adscrito, a empresa está obrigada, en virtude dos "axustes razoables" a que se refire o dito artigo, a recolocalo noutro posto de traballo, cando o traballador en cuestión dispoña da competencia, capacidade e dispoñibilidade esixidas, e cando a dita medida non supoña unha carga excesiva para o empresario"*.

A obriga non é absoluta e conta con dous límites: *"(que) exista polo menos un posto vacante que o traballador en cuestión pode ocupar. En efecto, como sinalou a Comisión nas súas observacións escritas, a recolocación dun traballador discapacitado non debe abocar a privar outro traballador do seu emprego nin forzar este último a intercambiar o seu posto de traballo"*. Así, o lugar de traballo debe de ser entendido de maneira ampla, entendendo como tal a empresa no seu conxunto.

Non obstante, o texto legal non realiza máis achegas substanciais ao contido da razoabilidade dos axustes. En todo caso, a Directiva 2000/78 CE nútrese da CIDPD por ser un convenio internacional ratificado con posterioridade á

---

<sup>8</sup> *HR Rail SA v. Belgium*, C-485/20, TXUE, 2021. Conclusións do avogado xeral (A.Ranthos).

aprobación da Directiva<sup>9</sup>. Novamente, determinar a procedencia ou non dun axuste corresponderá á lexislación nacional e á contorna que a rodea.

Con todo, o sistema de fontes actual é *multinivel* e, por iso, poden darse casos de retroalimentacións bidireccionais como sucedeu coa delimitación -ou o seu intento- da relación entre o concepto de discapacidade e os axustes razoables. Especialmente, tendo en conta que a Directiva europea non especifica que se entende por persoa que conta cunha discapacidade.

Nesta liña, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea [TXUE], contribuíu á delimitación do concepto de persoa que conta con discapacidades e do papel que xogan os axustes razoables. En particular, no caso *HK Danmark v. Dansk Arbejdsgiverforening*<sup>10</sup> -posterior á ratificación do CIDPD- formulouse a cuestión da inclusión ou non no concepto de persoa con discapacidade a dúas traballadoras que contaban con enfermidades que propiciaban múltiples ausencias ao seu posto de traballo e solicitaban unha redución de xornada. O TXUE optou por un posicionamento social, indicando que os axustes razoables en si mesmos: "*son a consecuencia e non o elemento constitutivo do concepto de discapacidade*"<sup>11</sup> polo que a redución da xornada laboral si constituiría un axuste razoable, en consonancia coa vontade inclusiva do CIDPC e a flexibilidade pola que se avogou ao non indicar exhaustivamente as adaptacións consideradas axustes razoables. É dicir, o *tipo* de axuste razoable non é o elemento constitutivo da discapacidade, pero si a barreira que o xera, como expón o TXUE indicando: "*a este respecto, procede considerar que o concepto de «discapacidade», [...] da presente sentenza, debe entenderse no sentido de que se refire a un obstáculo para o exercicio dunha actividade profesional*". En suma, a nivel

---

<sup>9</sup> Neste sentido, *inter alia*, STXUE, 11 de abril de 2013, *HK Danmark v. Arbejdsgiverforening*, asunto C-335/11 (ECLI:EU:C:2013:222); STXUE, de 2014, *Z. v A Government department*, asunto C-363/12, do 18 de marzo de 2014 (ECLI:EU:C:2014:159); art. 32 *Convención de Viena sobre o Dereito dos Tratados*.

<sup>10</sup> STXUE, 11 de abril de 2013, *HK Danmark v. Arbejdsgiverforening*, asunto C-335/11 (ECLI:EU:C:2013:222).

<sup>11</sup> *Ibid*, para.46.



européo o TXUE cristalizou a casuística do modelo social e o concepto de persoa con discapacidade para a procura da maior inclusión das persoas que contan cunha discapacidade sexa cal for o tipo de adaptación necesaria mentres non sexa unha carga excesiva.

Para concluír co ámbito europeo, é conveniente mencionar a cláusula de excepcionalidade do artigo 4 da Directiva 2000/78 CE. A través dela, as organizacións públicas ou privadas que contan cunha ética fundada en conviccións particulares *"poderán esixir en consecuencia ás persoas que traballen para elas unha actitude de boa fe"*. Ao amparo do precepto, a necesidade ou non de realizar axustes razoables non só se determina con respecto á existencia ou non dunha carga excesiva senón á propia finalidade do posto de traballo. É dicir, as persoas que contan cunha condición non aparente, en casos de risco particular para a sociedade poden verse obrigadas a comunicalo con base nunha boa fe contractual e poden non ser contratadas por mor diso. O seu parágrafo segundo elabora sobre isto e matízao indicando que unha diferenza no trato non constitúe discriminación cando *"pola natureza destas actividades ou o contexto no que se desenvolvan, a dita característica constitúa un requisito profesional esencial, lexítimo e xustificado respecto da ética da organización"*.

Os supostos nos que contratar a unha persoa cunha condición determinada supón un risco excesivo para o conxunto non se atopan taxados, e en consecuencia, serán obxecto de consideración polas ordes xurisdiccionais nacionais. Un exemplo ilustrativo daríase no caso de empresas de transporte aéreo no que a persoa con discapacidade sufra dunha condición psíquica que poida afectar á seguridade dos pasaxeiros, v.g. *Werner Fries v. Lufthansa City Line*<sup>12</sup> con respecto a pilotos maiores 65 anos e a súa idoneidade ou non para a realización de voos baleiros ou de traslado sen pasaxeiros nin carga.

A nivel de España, no 2003, a transposición da directiva por medio da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas

---

<sup>12</sup> STXUE do 5 de xullo de 2017, *Werner Fries v. Lufthansa City Line*, asunto C-190/16, (ECLI:EU:C:2017:513).

fiscais, administrativas e da orde social [LISMI], non trouxo consigo grandes cambios con respecto á súa orixinal europea. Se cabe, contribuíu sucintamente á delimitación do concepto carga excesiva. O art. 37.2 bis LISMI contempla que *“os empresarios están obrigados a adoptar as medidas adecuadas para a adaptación do posto de traballo e a accesibilidade da empresa, en función das necesidades de cada situación concreta [...] salvo que esas medidas supoñan unha carga excesiva para o empresario. Para determinar se unha carga é excesiva terase en conta se é paliada en grao suficiente mediante as medidas, axudas ou subvencións públicas para persoas con discapacidade, así como os custos financeiros e doutro tipo que as medidas impliquen e o tamaño e o volume de negocios total da organización ou empresa”*. Aquí, préstase especial atención aos custos financeiros que supón o axuste razoable, criterio español para determinar se a carga é excesiva para o empresario en función do seu volume de negocios total.

Sobre isto, e en relación co concepto de discapacidade, en 2011, España ditou a Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Esta regulación - xunto coa Lei 62/2003- atópase dende o 2013 subsumida no Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Especialmente rechamante é o seu artigo 1.2 onde se ve reflectida a dicotomía modelo médico/social. Nel establécese que: *“son persoas con discapacidade aquelas que presenten deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais”*. Onde se pon de manifesto o postulado básico do modelo social, complementado con: *“ademais do establecido no apartado anterior, e para todos os efectos, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento”*. Onde se avoga por un modelo médico.

O texto refundido de 2012 non levou a cabo ningunha modificación substancial da Lei de 2011, establecendo que: *“ademais do establecido no apartado anterior, e para todos*

os efectos, terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade". Así, en España non se produciu unha ruptura de máis calado co modelo médico, por considerar a súa implementación excesivamente complexa e casuística<sup>13</sup>.

Na esfera estritamente constitucional, o TC, na súa sentenza STC 15 de marzo de 2021<sup>14</sup>, situouse, precisamente, respecto da relación entre axustes razoables e o concepto de discapacidade. Nesta sentenza, o letrado da Administración de Xustiza contaba cunha discapacidade psíquica recoñecida do 10%, non comunicada. O funcionario comezou a non desempeñar a súa función de maneira completamente correcta -especialmente nas súas obrigas de supervisión- polo que o Ministerio procedeu á separación do servizo desta persoa, constatando a súa discapacidade pero sen realizar axustes razoables. O argumento primordial foi o grao leve de discapacidade contrario a unha consideración de discapacidade polo modelo médico español e a aparente falta de causalidade entre a discapacidade e o desempeño laboral. Posteriormente, volveuse a avaliar a instancia do demandante o seu grao de discapacidade constatándose un 34%. O TC puxo de manifesto dúas cuestións especialmente relevantes: primeiro, consolidou a aproximación social do concepto de discapacidade indicando que "*a constatación de que unha persoa ten unha "discapacidade" no sentido asumido polo lexislador no 4 da LXDPD, e a determinación do seu alcance, precede lóxicamente á consideración e adopción das medidas necesarias para cumprir coa obriga*

---

<sup>13</sup> SHAKESPEARE, T., 'The Social Model of Disability', *The disability studies reader*, vol.2 (2006), p.345.

<sup>14</sup> STC 51/2021 do 15 de marzo de 2021.

*de proceder aos axustes razoables*"<sup>15</sup>. En segundo lugar, "a adopción de medidas como o despedimento ou a imposición dunha sanción de carácter disciplinario, que estean relacionadas con dificultades no desempeño das súas funcións que poidan ser liquidadas mediante axustes razoables, incorrerán en discriminación prohibida polo 14 CE, aínda cando estean baseadas en razóns obxectivas aparentemente neutras"<sup>16</sup>.

Da regulación multinivel protectora das persoas con discapacidade -CIDPD, Directiva 2000/78 CE e a Constitución Española- percíbese unha progresiva consolidación do modelo social. Non obstante, existe aínda unha influencia do modelo médico a nivel nacional. Ordenamentos como o español consideran que, a partir de certos graos de discapacidade, os axustes razoables sempre serán necesarios independentemente do posto -é dicir, unha posible discapacidade absoluta e non relativa- ou, mesmo, que sempre constituirán unha carga excesiva para o empresario. Por iso, mantense presente a cuestión de se a adaptación forma parte do concepto discapacidade ou se compón unicamente desa "condición previa a longo prazo".

## 2.2. PROMOCIÓN PÚBLICA

No apartado anterior mencionouse o indispensable papel dos axustes razoables como pedra angular do modelo social. Con todo, de forma complementaria ás medidas de obrigado cumprimento cuxa inobservancia constituiría unha discriminación por discapacidade, existen medidas de acción *positiva*. Estas teñen como obxectivo prever ou paliar as desigualdades existentes na sociedade, xa sexa por unha lexislación insuficiente ou por limitacións á hora de acceder a certos sectores<sup>17</sup>, como ao do emprego pola existencia do concepto de carga excesiva.

Dentro das medidas de acción positiva, pódense distinguir dous tipos de mecanismos de corrección ou prevención de desigualdades. Por unha banda, medidas de acción positiva promocionais e, por outro, medidas de acción positiva de

---

<sup>15</sup> *Ibid*, p.27.

<sup>16</sup> *Ibid*.

<sup>17</sup> PÉREZ PÉREZ, J., *Discapacidad y acción positiva: incentivación de la contratación laboral y cuotas de reservas de empleo*, 2014, Universidad Autónoma de Barcelona, España, p.187.

resultado<sup>18</sup>. A primeira categoría de medidas busca obter un resultado de maneira indirecta, por medio da modificación dos "hábitos contractuais"<sup>19</sup> dos axentes económicos. Entre os mecanismos máis usuais -no ámbito do emprego- áchanse as subvencións estatais ou as reducións nas cotas da Seguridade Social.

A segunda categoría, pola súa banda, avoga por un intervencionismo directo no sector correspondente para alcanzar un resultado<sup>20</sup>. No ámbito do emprego as medidas de acción positiva de resultado máis comunmente implementadas son a de cotas de reserva<sup>21</sup> e a discriminación positiva<sup>22</sup>. Esta alternativa foi amplamente criticada polos posibles prexuízos que podería ocasionar a terceiros alleos en caso dunha implementación efectiva do modelo social e, consecuentemente, do deseño universal e os axustes razoables<sup>23</sup>.

Con todo, a contestación por parte da doutrina asume, por unha banda, unha instauración plenamente efectiva do modelo social que aínda se está consolidando. Doutra banda, a doutrina presupón un maior impacto real da acción positiva directa que da indirecta, podendo non ser este o caso<sup>24</sup>. Particularmente tendo en conta os supostos nos que os empresarios non se atopen de antemán cun gran número de adaptacións que fosen consideradas cargas excesivas de non recibir a subvención. É dicir, os supostos nos que se enfronten a custos menores e aínda así se beneficien de incentivos.

Nunha esfera internacional, a CIDPD no seu art. 5.4 menciona que: "*non se considerarán discriminatorias, en*

---

<sup>18</sup> *Ibid*, p.187-189.

<sup>19</sup> *Ibid*.

<sup>20</sup> *Ibid*.

<sup>21</sup> STXUE do 17 de outubro de 1995, *Kalanke v. Freie Hansestadt Bremen*, asunto C-450/93, (ECLI:EU:C:1995:322); STXUE do 11 de novembro de 1997, *Marshall v. Land Nordrhein-Westfalen*, asunto C-409/95 (ECLI:EU:C:1997:533).

<sup>22</sup> STXUE do 28 de marzo de 2000, *Badeck*, asunto C-158/97 (ECLI:EU:C:2000:163).

<sup>23</sup> *Supra* 56, p.191.

<sup>24</sup> PÉREZ PÉREZ, J., *Discapacidad y acción positiva: incentivación de la contratación laboral y cuotas de reservas de empleo*, 2014, Universidad Autónoma de Barcelona, España, p.191.

*virtude da presente Convención, as medidas específicas que sexan necesarias para acelerar ou lograr a igualdade de feito das persoas con discapacidade*". Especialmente relevante é a ausencia de referencia á temporalidade ou non das medidas a efectuar. Diso derivase que as medidas poderán estar en vigor o tempo necesario para conseguir a igualdade de feito. Adicionalmente, a CIDPD acepta plenamente a discriminación positiva orientada a ese obxectivo<sup>25</sup>.

A nivel da Unión Europea, no que respecta ao seu dereito orixinario, a CDF xa fixo alusión ás medidas de acción positiva no seu art. 26: "*a Unión recoñece e respecta o dereito das persoas discapacitadas a beneficiarse de medidas que garantan a súa autonomía, a súa integración social e profesional e a súa participación na vida da comunidade*". Ademais, no art. 23 CDF aceptouse expresamente a discriminación positiva no ámbito da discriminación por sexo. A maiores, no que respecta ao dereito derivado, a Directiva 2000/78 CE, no seu art. 7.1 abala a implementación de medidas de "acción positiva e específicas". Complementariamente, no seu apartado segundo matiza que: "*o principio de igualdade de trato non constituirá un obstáculo ao dereito dos Estados membros de manter ou adoptar disposicións [...] cuxa finalidade sexa crear ou manter disposicións ou facilidades con obxecto de protexer ou fomentar a inserción das devanditas persoas no mundo laboral*". O TXUE, pola súa banda, contribuíu especialmente á consolidación da lexitimidade das medidas de acción positiva e da aceptación da discriminación positiva en múltiples sentenzas v.g. *Kalanke v. Freie Hansestadt Bremen*<sup>26</sup>, *Marshall v. Land Nordrhein-Westfalen*<sup>27</sup>, *Badeck*<sup>28</sup>, *Briheche v. Ministre de l'Intérieur*<sup>29</sup> e *Roca Álvarez*

---

<sup>25</sup> *Ibid*, p.196.

<sup>26</sup> STXUE do 17 de outubro de 1995, *Kalanke v. Freie Hansestadt Bremen*, asunto C-450/93, (ECLI:EU:C:1995:322).

<sup>27</sup> STXUE do 11 de novembro de 1997, *Marshall v. Land Nordrhein-Westfalen*, asunto C-409/95 (ECLI:EU:C:1997:533).

<sup>28</sup> STXUE do 28 de marzo de 2000, *Badeck*, asunto C-158/97 (ECLI:EU:C:2000:163).

<sup>29</sup> STXUE do 30 de setembro de 2004, *Briheche v. Ministre de l'Intérieur*, C-319/03 (ECLI:EU:C:2004:574).

v. *Sesa Start España ETT SA*<sup>30</sup>. Para examinar en máis profundidade o concernente ás medidas específicas levadas a cabo polos Estados membros é necesario acudir á lexislación nacional na materia.

A nivel español, con obxecto da transposición da Directiva 2000/78/CE -e do desenvolvemento da Lei 53/2003- apróbbase o Real decreto 2271/2004, de acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. No seu art. 2 establece que: "*nas ofertas de emprego público reservárase unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade cuxo grao de -discapacidade- sexa igual ou superior ao 33 por cento*". Aplicando así unha medida de acción positiva directa<sup>31</sup>. A maiores, a lei regula as adaptacións das probas mediante axustes razoables e reservas de praza para promoción interna.

En canto ás medidas de acción positiva de resultado ou indirectas, España conta cunha serie de incentivos que van dende subvencións ata reducións nas cotas da Seguridade Social, v.g. subvencións de 3.907 euros para as empresas que contraten, por tempo indefinido a unha persoa con discapacidade, de conformidade co art. 7.1 Real decreto ou as bonificacións ás cotas da Seguridade Social reguladas na Lei 43/2006.

Finalmente, debe terse en conta que as medidas de acción positiva non son unicamente aplicables ao ámbito do traballo. Son mecanismos para combater a desigualdade a todos os niveis e protexer efectivamente os dereitos humanos das persoas con discapacidade como suxeitos de dereitos. Así, a nivel internacional, europeo e español impleméntanse mecanismos para promocionar outros ámbitos públicos tales como a educación<sup>32</sup>, a vivenda<sup>33</sup> ou a saúde<sup>34</sup>.

---

<sup>30</sup> STXUE 30 de setembro de 2010, *Roca Álvarez v. Sesa Start España ETT SA*, asunto C-104/09 (ECLI:EU:C:2010:561).

<sup>31</sup> Debe terse en conta que para participar nos procesos selectivos debe acreditarse capacidade funcional de acordo co art. 57 Lei 7/2007.

<sup>32</sup> <http://www.educacionyfp.gob.es/va/servicios-aocidadán/catalogo/organizacions-fundacions-empresas/axudas-subvencions/adultos-necesidades-educativas-especiais.html>.

### 3. DISCRIMINACIÓN POR ASOCIACIÓN

Ata o de agora analízase o elemento obxectivo da discriminación por discapacidade. É dicir, que condutas son consideradas discriminatorias. Con todo, a discriminación por discapacidade tamén conta cun elemento subxectivo ao que convén facer referencia. Nos textos legais, a literalidade da redacción parece suxerir que o ámbito de aplicación circunscríbese unicamente ao grupo vulnerable afectado por unha discapacidade. Non obstante, a discriminación por discapacidade conta cunhas características especiais que suxiren que o grupo afectado non se limita unicamente ao colectivo vulnerable *per se*. Nesta liña, é razoable preguntarse se a protección non debería aplicarse así mesmo ás familias das que depende a persoa vulnerable e, en sentido amplo, a todos aqueles cos que teña relación, comprendendo así ás persoas estreitamente relacionadas coa persoa que conta cunha discapacidade dentro do ámbito de aplicación da protección contra a discriminación directa. No que respecta á Unión Europea, a Directiva 2000/78/CE establece no seu artigo 2.2.a) que: “*existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga por algún dos motivos mencionados no artigo 1 (discriminación por discapacidade no ámbito do emprego)*”. Non existe, en principio, unha referencia explícita á discriminación por asociación. En 2008, con todo, o TXUE consolidou xurisprudencialmente este concepto -no marco da UE- na sentenza *Coleman* (2008)<sup>35</sup>. Esta sentenza enfrontábase coa situación dunha traballadora británica que recibía un trato menos favorable que os seus compañeiros

---

<sup>33</sup> <https://www.mitma.gob.es/arquitectura-vivenda-e-chan/programas-de-axudas-a-a-vivenda/programa-para-o-fomento-de-cidades-sustentables-e-competitivas>.

<sup>34</sup> <https://www.juntadeandalucia.es/temas/familias-igualdad/discapacidad/prestaciones.html>;  
<https://www.aragon.es/tramitador/-/tramite/ayudas-individuales-personas-grado-discapacidad-situacion-dependencia>;  
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS613B&ano=2018&numpub=1&lang=es>.

<sup>35</sup> STXUE do 17 de xullo de 2008, *S. Coleman v Attridge Law and Steve Law*, asunto C-303/06 (ECLI:EU:C:2008:415).



por estar a cargo do seu fillo con discapacidade. O TXUE indicou que: *"a prohibición de discriminación directa que establecen non se circunscribe exclusivamente a aquelas persoas que sexan elas mesmas discapacitadas. Cando un empresario trate un traballador que non sexa el mesmo unha persoa con discapacidade de maneira menos favorable a como trata, tratou ou podería tratar outro traballador nunha situación análoga e se acredite que o trato desfavorable do que é vítima o dito traballador está motivado pola discapacidade que padece un fillo seu, a quen o traballador prodiga a maior parte dos coidados que o seu estado require, tal trato resulta contrario á prohibición de discriminación directa"*<sup>36</sup>.

A explicación dada polo tribunal é a seguinte: *"o feito de que a Directiva 2000/78 conteña disposicións destinadas a ter en conta especificamente as necesidades das persoas con discapacidade non permite chegar á conclusión de que o principio de igualdade de trato que consagra deba interpretarse de maneira restritiva, é dicir, no sentido de que prohibe unicamente as discriminacións directas por motivo de discapacidade que afecten exclusivamente ás propias persoas con discapacidade. Polo demais, o sexto considerando da citada Directiva, ao mencionar a Carta comunitaria dos dereitos sociais fundamentais dos traballadores, remite tanto ao combate xeral contra toda forma de discriminación como á necesidade de adoptar medidas adecuadas para a integración social e económica das persoas con discapacidade"*<sup>37</sup>. A maiores, o TXUE estendeu esta interpretación a outros tipos de discriminación tales como a racial ou étnica, Directiva 2000/43 no asunto *CHEZ Razpredelenie Bulgaria AD* (2015)<sup>38</sup> ou a discriminación por sexo, Directiva 2006/54 en *WTG Retail BVBA* (2019)<sup>39</sup>. En definitiva, O TXUE

---

<sup>36</sup> *Ibid*, para.56.

<sup>37</sup> STXUE do 17 de xullo de 2008, *S. Coleman v Attridge Law and Steve Law*, asunto C-303/06, (ECLI:EU:C:2008:415), para.43.

<sup>38</sup> STXUE do 16 de xullo de 2015, *CHEZ Razpredelenie Bulgaria v. Komisia za zashtita ot diskriminatsia*, asunto C-83/14 (ECLI:EU:C:2015:480).

<sup>39</sup> STXUE do 20 de xuño de 2019, *WTG Retail BVBA v. Jamina Hakebracht, Tine Vandenbon, Instituut voor de Gelijkheid van Vrouwen en Mannen*, asunto C-404/18 (ECLI:EU:C:2019:523).

interpretou as Directivas europeas solidificando o concepto de discriminación por asociación que deben respectar os Estados membros ao implementar a normativa comunitaria. Nunha esfera internacional, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas (2006) -ratificada por 182 Estados-, a pesar de facer referencias constantes aos familiares das persoas con discapacidades non fai unha referencia directa á discriminación por asociación. En 2018 o Comité -órgano supervisor do texto legal- aprobou a Observación xeral núm. 6 sobre a igualdade e a non discriminación, art. 5 da Convención que enuncia claramente: "*a discriminación por motivos de discapacidade pode afectar a persoas que teñen unha discapacidade nese momento, que a tiveron no pasado, que teñen predisposición a unha posible discapacidade futura ou que teñen unha discapacidade presunta, así como ás persoas asociadas a persoas con discapacidade. Isto último coñécese como discriminación por asociación. O motivo do amplo alcance do artigo 5 é erradicar e combater todas as situacións de discriminación e condutas discriminatorias que están vinculadas coa discapacidade*"<sup>40</sup>. Seguindo a liña de convenios internacionais especializados na protección de persoas que contan cunha discapacidade, o Protocolo á Carta Africana de Dereitos Humanos e dos Pobos sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (2018) menciona no seu art. 5 que os Estados membros: "*Shall take effective and appropriate measures to protect the parents, children, spouses, other family members closely related to the persons with disabilities, caregivers or intermediaries from discrimination on the basis of their association with persons with disabilities*".

Estados Unidos xa na súa pioneira American with Disabilities Act (1990), na sección 12112 apunta que: "*The term discriminate against a qualified individual on the basis of disability includes excluding or otherwise denying equal jobs or benefits to a qualified individual because of the known*

---

<sup>40</sup> Observación xeral núm. 6 sobre a igualdade e a non discriminación, CRPD/C/GC6, Comité sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, 2018, para.20.

*disability of an individual with whom the qualified individual is known to have a relationship or association". Complementado pola sección 12182: "Association. It shall be discriminatory to exclude or otherwise deny equal goods, services, facilities, privileges, advantages, accommodations, or other opportunities to an individual or entity because of the known disability of an individual with whom the individual or entity is known to have a relationship or association".*

Polo exposto anteriormente, queda patente que esta construción de discriminación por asociación foi efectivamente recibida no marco da Unión. Ademais, tras as achegas da nova observación do Comité sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade xunto coas do TXUE no asunto Coleman -derivadas da preexistencia do concepto no dereito anglosaxón-, avanza cara á súa consolidación universal.

En conclusión, o elemento subxectivo da discriminación en base a unha discapacidade non só inclúe á persoa afectada por aquela senón ás persoas que garden algún tipo de relación con ela.

#### **4. DISCRIMINACIÓN MÚLTIPLE E INTERSECTORIAL**

Historicamente, os diferentes tipos de discriminación -por idade, discapacidade, sexo, etnia etc.- tratáronse como fenómenos separados e independentes<sup>41</sup>. Con todo, unha persoa pode ser muller e contar cunha discapacidade, unha persoa cunha discapacidade pode ser maior, unha persoa maior pode ter nacionalidade afroamericana e outra pode contar con todas as características anteriormente mencionadas<sup>42</sup>. Como afecta as persoas contar con máis dun factor con base no cal poden ser discriminadas? Para poder entender en que medida ven afectadas, é necesario prestar atención a un fenómeno denominado *o círculo vicioso da discriminación*:


---

<sup>41</sup> MAKKONEN, T., *Multiple, Compound and Intersectional Discrimination: Bringing the experiences of the most marginalized to the fore*, 2002, Åbo Akademi University, Finland, p.9.

<sup>42</sup> *Ibid.*

Círculo vicioso da discriminación

(Foto: T. Makkonen (2002))



A discriminación ten a súa orixe nos prexuízos e estereotipos sociais. Os primeiros derivan da falta de información, da dificultade de entendemento mutuo e de emocións negativas como o medo ou a superioridade, mentres que os segundos parten de construcións sociais. A existencia destes prexuízos provoca dúas reaccións por parte da sociedade. Por unha banda, un distanciamento social forzado, deshumanizando as persoas vulnerables, *v.g.* Ugly Laws en Estados Unidos. Por outro, unha discriminación directa e indirecta por medio de accións e omisións.

A discriminación por parte do conxunto da sociedade xera diferenzas socioeconómicas como diversas políticas de emprego por parte das empresas ou a falta de adaptación dos lugares de traballo. Así, créase unha asociación entre o factor de vulnerabilidade e a clase social á que se pertence. No canto de abordar a causa real do problema -prexuízos e estereotipos- a discriminación xustifícase utilizando a diferenza socioeconómica como "proba da inferioridade" da persoa en cuestión, completando o círculo vicioso<sup>43</sup>.

No caso de que a persoa conte non cunha, senón con dúas ou máis características que dean lugar a formas de

<sup>43</sup> MAKKONEN, T., *Multiple, Compound and Intersectional Discrimination: Bringing the experiences of the most marginalized to the fore*, 2002, Åbo Akademi University, Finland, p.9.

discriminación, o ciclo vese intensificado en todas e cada unha das súas variables. A intensificación canalízase de diferentes maneiras ás que a doutrina fai alusión con nomes moi variados. Poden englobarse en discriminación *múltiple* e *discriminación intersectorial*.

### Discriminación múltiple


$\text{SEXO}_t + \text{IDADE}_{t+1} + \text{DISCAPACIDADE}_{t+2} + \dots = \text{DIF. SOCIOECONÓMICAS}$
---

A discriminación múltiple ou cumulativa é un fenómeno que se dá cando unha persoa sofre diferentes tipos de discriminación independentes en momentos alternativos<sup>44</sup>. En concreto, é un tipo de discriminación conformada polos efectos negativos da suma destas experiencias<sup>45</sup>. Estes efectos negativos resultan en que a persoa afectada vexa cuantitativamente empeorada a súa situación socioeconómica con respecto á dos individuos que só contan cunha das características controversiais. Un exemplo aplicado sería o caso dunha muller con discapacidade en busca de emprego que se vexa rexeitada pola primeira empresa por ser muller e pola segunda por contar cunha discapacidade. A brecha social entre esta persoa é maior que a dunha persoa que sexa unha muller ou que unicamente conte cunha discapacidade. De acordo co círculo vicioso da discriminación, a persoa sufrirá un maior illamento social, maiores prexuízos e, de novo, maior discriminación e dificultades á hora de atopar emprego.

---

<sup>44</sup> *Ibid*, p.10.

<sup>45</sup> HANNET, S., 'Equality at the Intersections: The Legislative and Judicial Failure to Tackle Multiple Discrimination', *Oxford Journal of Legal Studies*, Vol 3:1 (2003), p.68.

Discriminación intersectorial

A discriminación intersectorial, pola súa banda, é un fenómeno moito máis complexo. Non consiste nun aumento cuantitativo da discriminación senón nun novo tipo cualitativamente falando<sup>46</sup>. As diferentes bases de discriminación non actúan xa de maneira independente e separada, senón que interactúan entre elas dando lugar a situacións específicas de vulnerabilidade dentro dos propios grupos vulnerables. Noutras palabras, a suma representativa da discriminación múltiple xa non é aplicable na discriminación intersectorial posto que “a experiencia típica dunha muller en Estados Unidos” + “a experiencia típica dunha persoa afroamericana en Estados Unidos” ≠ “a experiencia típica dunha muller afroamericana en Estados Unidos”<sup>47</sup>. A priori, é contraintuitivo pensar que se a protección legal contra a discriminación con base no sexo

<sup>46</sup> EATON, M., ‘Patently Confused: Complex Inequality and Canada v Mossop’ *Revue d’études constitutionnelles*, Vol 1:2 (1994), p. 229.

<sup>47</sup> MAKKONEN, T., *Multiple, Compound and Intersectional Discrimination: Bringing the experiences of the most marginalized to the fore*, 2002, Åbo Akademi University, Finland, p.11.

defende os intereses das mulleres e se a discriminación con base na etnia protexe os das persoas estranxeiras, unha muller afroamericana non se vexa representada pola suma destes intereses protexidos. Con todo, así é.

A raíz destas desigualdades está, precisamente, nos movementos activistas paralelos do s.XX<sup>48</sup>. Cada un deles -loita pola igualdade de xénero, pola inclusión das persoas con discapacidade etc.- estaba conformado ao redor dunha única característica dos membros que formaban parte deste movemento. Os colectivos vulnerables buscaban crear divisións entre eles en procura da equiparación ao resto do conxunto social<sup>49</sup>. Consideraban que a forma de alcanzar a condición de iguais era acentuando as súas similitudes e demostrando que o seu factor base de discriminación non era unha diferenza real. Para iso, non podían asociarse con outros grupos vulnerables ou se incluírían todos nunha "categoría inferior", volvendo ao fenómeno de culpabilización da vítima<sup>50</sup>. De todos os xeitos, cabe mencionar que a pesar de que se podían formar grupos con base en intereses -aparentemente- grupais, os colectivos son conxunturais. A identidade das persoas que conforman o colectivo non depende desa única característica, é complexa, polo que non se pode atribuír unha experiencia, uns intereses comúns e estáticos<sup>51</sup>. Por conseguinte, convén ter presente que os grupos sempre se forman con base nun problema, máis ou menos duradeiro.

Un exemplo onde se ve claramente como grupos inicialmente heteroxéneos xúntanse nun problema conxuntural sería o caso *New York City Transit Authority v. Beazer*<sup>52</sup>, ante o tribunal supremo de EEUU. Nesta demanda demandábase por discriminación a unha empresa que se

---

<sup>48</sup> *Ibid*, p.18.

<sup>49</sup> CRENSHAW, K., 'Mapping the Margins: Intersectionality, Identity Politics, and Violence against Women of Color', *Stanford Law Review*, vol. 43:1241 (1993), p.1265.

<sup>50</sup> *Ibid*, p.19.

<sup>51</sup> CRENSHAW, K., 'Demarginalizing the Intersection of Race and Sex: A Black Feminist Critique of Antidiscrimination Doctrine, Feminist Theory and Antiracist Politics', *The University of Chicago Legal Forum*, vol. 1989: 39 (1989), p.140.

<sup>52</sup> *New York City Transit Authority v. Beazer*, 440 Ou.S. 568 (1979).

negaba a contratar persoas que fosen usuarias de metadona. Aquí vese como varios grupos étnicos, xunto con mulleres e outras persoas vulnerables, xúntanse por compartir unha experiencia común, o consumo de metadona. Este caso non representa as experiencias supostamente "xerais" dos intereses "comúns" de cada grupo.

Así, os intereses polos que avogaban cada un dos colectivos implicados eran os intereses de individuos que serían considerados privilexiados, "normais", de non contar con esa única "diferenza"<sup>53</sup>. Isto é, experiencias de mulleres brancas de clase socioeconómica alta, de homes con discapacidade brancos de clase socioeconómica alta, de homes "capaces" estranxeiros etc. Esta forma de proceder ten consecuencias moi serias para as persoas que se atopan na intersección entre dúas destas características, como pode ser unha muller afroamericana.

Primeiro, consecuencias para a persoa vulnerable por parte da sociedade. En contextos nos cales os individuos dos grupos vulnerables independentes non se ven afectados *de facto*, as persoas expostas á interseccionalidade si poden sufrir discriminación. A materialización da discriminación nace dunha situación social previa de "tolerancia" dos grupos vulnerables, no canto de integración. A aparición dunha persoa que conte con dúas características consideradas independentemente "tolerables" pode tornarse "intolerable" socialmente, creando situacións de discriminación específicas. Tentar abordar a protección da interseccionalidade por medio de compendios legais separados e independentes é inefectivo xa que son facilmente sorteables<sup>54</sup>.

